



carta  
de  
servizos

cdsg


O Centro de Documentación Sociolingüística de Galicia está adscrito ao Consello da Cultura Galega, institución estatutaria que ten como misión a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

O principal obxectivo do CDSG é participar, como axente activo, no proceso de normalización do idioma galego, propiciando o intercambio e difusión dos materiais xerados neste proceso e creando foros de debate e reflexión arredor da planificación lingüística en Galicia.

# CARTEIRA DE SERVIZOS

# acceso aos fondos

---



- Consulta en sala de monografías e publicacións periódicas especializadas en sociolingüística
- Consulta en sala do fondo documental especial, compilado a partir do traballo de planificación lingüística desenvolto arredor do idioma galego
- Préstamo de monografías
- Consulta en liña dos catálogos de monografías e seriadas

*Estes servizos están especialmente deseñados para os estudosos/as e profesionais do ámbito da planificación lingüística e, en xeral, para todo o público interesado.*



# formación e información

---

- Publicación de actas de congresos, informes especializados, guías de recursos e outros materiais relacionados coa planificación lingüística de Galicia
- Selección e difusión de sitios web e recursos en liña de interese para os/as usuarios/as do centro
- Mantemento dun servizo web diario de novas sobre sociolingüística galega
- Organización de seminarios e congresos destinados a investigadores e profesionais do ámbito da planificación lingüística do galego

# asesoramento

---



- Atención de consultas personalizadas a calquera usuario/a que o solicite
- Asesoramento a colectivos e institucións implicadas no proceso de normalización do idioma galego

**COMPROMISOS  
DE  
CALIDADE**

1 As solicitudes de préstamo bibliográfico e de acceso ao fondo de monografías e publicacións periódicas atenderanse no momento, **sen necesidade de cita previa.**

2 As solicitudes de acceso ao fondo de documentación especial atenderanse nun prazo **máximo de 5 días laborables.** No momento da solicitude, o persoal do centro indicarlle ao usuario/a o día exacto no que terá dispoñibles os documentos para a súa consulta en sala.

3 O catálogo en liña de monografías incorporará os rexistros novos nun prazo **máximo de 3 meses.**

4 O catálogo de seriadas e o boletín de sumarios terán unha actualización anual, que se realizará nos **30 primeiros días do ano.**

5 O web do centro actualizarase segundo a **actualidade informativa** o requira. No caso dos libros de marcadores en liña (*De Bolina e Delicious*), o CDSG comprométese a realizar, como mínimo, unha **actualización trimestral.**

6 O centro comprométese a organizar, como mínimo, **unha actividade formativa ao ano** destinada aos profesionais e estudosos/as do ámbito da sociolingüística galega.



7 Atenderanse as visitas guiadas ao centro nun prazo **máximo de 15 días laborables**, desde o momento no que se realice a solicitude.

8 As consultas de asesoramento sociolingüístico serán contestadas no prazo **máximo de 10 días laborables**. Se, debido á complexidade da consulta, o persoal do centro valora que non vai poder cumprir este prazo, comunicarllo ao/a usuario/a por correo electrónico, indicándolle o novo prazo estimado de resolución.

9 O centro suspenderá os seus servizos de atención ao público durante o mes de agosto. Os prazos para a resolución de solicitudes recibidas durante este mes comezarán a contar a partir do **primeiro día laborable de setembro**.

10 O CDSG responderá todas as queixas e suxestións no prazo de **10 días laborables**.

**ACCESIBILIDADE**

## SUXESTIÓNS

Os servizos que ofrece o CDSG son resultado do labor colaborativo entre os usuarios/as e o equipo do centro: os fondos, os produtos documentais, as novas...

Se xa colaboras con nós, **GRAZAS**. Se aínda non o fas, podes axudarnos a mellorar os nosos servizos facéndonos chegar as túas suxestións ou queixas. Faino a través do correo electrónico ou ben a través desta [enquisa](#).

## RECLAMACIÓNS

No caso de que desexes realizar unha reclamación formal, podes presentala no Rexistro do Consello da Cultura Galega (situado no Pazo de Raxoi, 2º andar, praza do Obradoiro, s/n, Santiago de Compostela), no seu horario de atención ao público.

## Contacto

+0034 881995146 / 881995142

[cdsg@consellodacultura.gal](mailto:cdsg@consellodacultura.gal)

<http://www.consellodacultura.gal/cdsg>

## Consulta en sala

Biblioteca de Galicia – 1º andar

Cidade da Cultura de Galicia

Santiago de Compostela

Horario: 9 a 14 h

Transporte público: liña 9 e liña C11.(consulta [horarios](#))

## Envíos postais

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

15705 Santiago de Compostela

